



PREGUNTA ORAL SOBRE OS DATOS E AS PREVISIÓNS DO GOBERNO EN RELACIÓN CUNHA VAGA DE ROUBOS EN LOCAIS DE HOSTALERÍA E COMERCIAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde distintas fontes chegaronlle ao Grupo Municipal Popular informacións sobre unha sucesión de roubos acontecidos nas últimas semanas en diversos negocios comerciais e de hostalería da nosa cidade.

Polos datos dispoñibles, o *modus operandi* parece moi similar, posto que na práctica totalidade dos casos persoas descoñecidas acceden ao interior dos establecementos para apropiarse das caixas rexistradoras e das cantidades nelas depositadas.

A pesar de que nos constan varios locais afectados, na súa maioría do sector da hostalería, pero tamén do comercio, sorprende que esta suposta concatenación de delitos apenas transcendera publicamente, sequera para alertar –que non alarman- á poboación e reclamar que se extremen as precaucións e as medidas de seguridade por este motivo.

En relación con este asunto, formúlase a seguinte pregunta:

Ten coñecemento o Goberno local da proliferación de roubos en locais comerciais e de hostalería nas últimas semanas e, en caso afirmativo, que medidas adoptou ou pensa adoptar ao respecto?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Popular